

A N U N C I O

Decreto do Alcalde de delegación por ausencia

Don David Raposeiras Correa, Alcalde-Presidente do Concello de Forcarei, no uso das atribucións que me confire a lexislación vixente ditei, con data 14/07/2011, o seguinte Decreto:

«*Primeiro.*—Por ter que ausentarme do Concello, delego na primeira Tenente de Alcalde Dona Belén Cachafeiro Anta o exercicio das atribucións da Alcaldía do Concello de Forcarei, desde o día 16 de xullo ó 1 de agosto de 2011, ambos incluídos; todo elo segundo o previsto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e os artigos 47 e 44 do Decreto 2568/1986. Durante o dito período percibirá as retribucións que lle corresponden á Alcaldía, excepto os trienios.

Segundo.—Este Decreto terá efectos desde o día 16 de xullo de 2011, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro.—Dese traslado do presente Decreto ó interesado, e publíquese no taboleiro de anuncios da Corporación, e reseña da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.»

Forcarei, a 14 de xullo de 2011.—O Alcalde, David Raposeiras Correa.

2011007583

* * *

O G R O V E

Resolución da alcaldía

De conformidade co disposto nas bases xerais da convocatoria publicada no BOP nº 115, do 16 de xuño do 2011, para cubrir polo procedemento de concurso-oposición unha praza vacante de Técnico en Deportes, do Concello de O Grove e incluída na oferta de emprego público do 2011, veño en,

RESOLVER

Primeiro: Declarar a lista provisional de admitidos e excluídos, ós aspirantes seguintes:

ADMITIDOS

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	MARTÍNEZ SANTOMÉ, MIGUEL	35314286V
2	PARADA CARBALLA, FRANCISCO MANUEL	76867362M
3	MARTÍNEZ QUIJEIRO, HECTOR	36149000S
4	SANTIAGO RÍOS, PABLO JESÚS	53110599B
5	CAÑEDO PADÍN, BLAS	77400530X
6	RIVAS GARCÍA, JORGE	32664170F
7	FERNÁNDEZ LOIS, ADRIAN	77415741H
8	GARRIDO GONZÁLEZ, JUAN MIGUEL	03902590L
9	GONZÁLEZ GARCÍA, IVÁN	09795965N
10	PAZOS SAMPEDRO, CESAR	44079195V
11	MONTENEGRO FERNÁNDEZ, PEDRO	35474898C
12	FARTO RAMÍREZ, ÓSCAR	76925998Z
14	VALCARCEL PÉREZ, PATRICIA	76829470V

EXCLUÍDOS

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	NO APTO motivo
13	SALGADO PÉREZ, MARÍA TERESA	76725894X	1

(1) non acredita titulación, segundo base 3ª.3

Segundo: Procédase a publicación da presente resolución no BOP e taboleiro de anuncios do concello, así como na máxima web, concedéndolles un prazo de dez días hábiles para a subsanación de defectos, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, contados a partir do día seguinte o da publicación do BOP, indicándolles que de non facelo entenderase que desisten da súa petición, cos efectos previstos no artigo 42.1 da lei 30/92, do 26 de novembro.

Terceiro: Finalizado o prazo de subsanación, acordarase a aprobación definitiva de admitidos, que se fará pública no taboleiro de anuncios do concello e no BOP, así como a designación do tribunal cualificador e hora de comezo do primeiro exercicio.

Así o mandou e asínao o Sr. Alcalde, en O Grove, a trece de xullo do dous mil nove, ante min, o Secretario que certifico.

O Grove, a 13 de xullo do 2011.—O Alcalde, Miguel A. Pérez García.

2011007499

* * *

A GUARDA

A N U N C I O

Con data 29 de xuño de 2011 dictouse o seguinte Decreto:

DECRETO 0387/2011

CONSIDERANDO que na Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2010 tomouse o acordo que literalmente di:

“PUNTO 1.—ACORDOS

Lese o escrito RE 5.228 de data 14 de xullo de 2010, presentado por D. MANUEL GARRIDO CASADO, en calidade de Presidente da Comunidade de Propietarios de vivendas do edificio sito no enlace das rúas Oliva e Rosal, nº 12, solicitando que dende o Concello se lle requira o promotor destas obras (UNIVERCASA, S.L.U.) para que leve a cabo a urbanización da rúa onde se atopa o edificio ou ben que proceda o propio Concello á realización da urbanización con cargo ó aval depositado pola empresa promotora.

A Xunta de Goberno Local acorda requirir ó promotor para que execute a urbanización do vial no prazo de 30 días, advertíndolle que, no caso de non facelo, acometerá ditas obras ó propio Concello con cargo o aval que dito promotor ten depositado neste Concello.”

RESULTANDO que foi intentada a súa notificación en dúas ocasións sen que fose posible efectuala e, en cumprimento do establecido no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

R E S O L V O :

Publicar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2010 no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello a efectos de notificación.

A Guarda, a 29 de xuño de 2011.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas.

2011007065

* * *